CONCELLO DE RODEIRO

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 27 DE OUTUBRO DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:
Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:
Don Alberte Lamazares Casero
Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:
Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e sete de outubro de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as trece horas corenta e cinco minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 23 de outubro de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DENOMINADO "ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO TIPO PICK-UP DE SEGUNDA MAN" (EXPEDIENTE [redacted]) E CONVOCATORIA DE NOVA LICITACIÓN POLO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE

Por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 6 de outubro do corrente, iniciouse o procedemento de adxudicación do subministro

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

de *"ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO TIPO PICK-UP DE SEGUNDA MAN"*. Aos citados efectos, publicouse coa mesma data o correspondente anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello, de conformidade co disposto no artigo 135 e concordantes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Durante o prazo de presentación de ofertas, que rematou o día 21 de outubro do corrente, rexistrouse a seguinte única proposición:

- ✓ GONZACAR S.L., con CIF núm. [redacted] (RE núm. 1642, do 21/10/26).

A Mesa de Contratación do subministro, na reunión celebrada o día 26 de outubro de 2026, realizou por unanimidade proposta de exclusión da oferta presentada por exceder a súa proposición económica (59.200,00 €) do orzamento máximo de licitación (23.000,00 €), incumprindo o disposto na cláusula cuarta do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación.

En consecuencia, debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Excluír, por inaceptable, a oferta presentada polo licitador Gonzacar S.L. ao exceder o seu prezo do orzamento de licitación, de conformidade co establecido no artigo 100.1 da LCSP e no disposto no prego.

Segundo.- Ao ser a proposición excluída a única presentada á licitación, declárase deserto o procedemento de adxudicación do subministro de *"ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO TIPO PICK-UP DE SEGUNDA MAN"* (Expediente [redacted] .

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao licitador e publicalo no perfil do contratante do Concello, de conformidade co esixido no artigo 63.3 da LCSP.

Cuarto.- Ao darse as circunstancias establecidas no artigo 168 b) apartado 2º, en relación co artigo 167 e) da LCSP, acórdase volver licitar dito subministro polo procedemento negociado sen publicidade, achegando a correspondente invitación a un mínimo de tres licitadores, incluíndo o excluído,

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

e aplicando á nova licitación o mesmo prego da licitación deserta coas adaptacións necesarias ás características dos procedementos negociados.

Quinto.- Determinar como materias de negociación o prezo do subministro, as súas características técnicas compatibles coa Memoria técnica redactada polo enxeñeiro industrial Don Juan Carlos Bardelás Lamas, e a disposición efectiva do vehículo para a súa entrega inmediata ao Concello.

3.- APROBACIÓN DE ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA "CONSTRUCIÓN DUN EDIFICIO POLIVALENTE DE USO ASISTENCIAL, DESTINADO A CENTRO DE DÍA E PUNTO DE ATENCIÓN INFANTIL (PAI)", NO MARCO DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA – PLAN EXTRA

Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 26 de marzo de 2025, foi aprobado o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA "CONSTRUCIÓN DUN EDIFICIO POLIVALENTE DE USO ASISTENCIAL, DESTINADO A CENTRO DE DÍA E PUNTO DE ATENCIÓN INFANTIL (PAI)", NO MARCO DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA – PLAN EXTRA.

De conformidade coa base reguladora 7.2.g), asinouse no seu día o correspondente convenio no que se definiron as actuacións obxecto de subvención e establecéronse de maneira pormenorizada os seus deberes.

Posteriormente, o Pleno da Deputación Provincial, na sesión do 25/09/26, prorrogou os prazos de execución e xustificación dos investimentos acollidos ao dito Programa, polo que resulta preciso aprobar unha addenda ao convenio na que se recollan esas novas determinacións.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes, adopta o seguinte ACORDO:

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

Primeiro.- Prestar aprobación á ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA "CONSTRUCIÓN DUN EDIFICIO POLIVALENTE DE USO ASISTENCIAL, DESTINADO A CENTRO DE DÍA E PUNTO DE ATENCIÓN INFANTIL (PAI)", NO MARCO DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA – PLAN EXTRA, co contigo íntegro que se sinala no anexo ao presente acordo.

Segundo.- Aceptar expresa e integramente as cláusulas da addenda ao Convenio e comprometerse ao cumprimento das obrigas que o Concello debe asumir en virtude do acordado.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación que ostenta, asine a addenda ao Convenio e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do presente acordo.

ANEXO

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE RODEIRO PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA "CONSTRUCIÓN DUN EDIFICIO POLIVALENTE DE USO ASISTENCIAL, DESTINADO A CENTRO DE DÍA E PUNTO DE ATENCIÓN INFANTIL (PAI)", NO MARCO DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA – PLAN EXTRA

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, D. Luis López Diéguez, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como presidente deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), e o artigo 105 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA).

Doutra parte, D. José Luís Camiñas Vázquez, quen actúa no nome e na representación do Concello de Rodeiro, en virtude da súa condición de alcalde-presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21 da LRBRL, no artigo 61.1 da LALGA e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúa D.ª María Beatriz Del Cerro Del Río, en calidade de secretaria xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I. Na data 07/03/2025 o Pleno da Corporación Provincial adoptou o acordo núm. 3.8370 polo que se aprobou a concesión dunha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Rodeiro, con destino á execución da actuación denominada "CONSTRUCIÓN DUN EDIFICIO POLIVALENTE DE USO ASISTENCIAL, DESTINADO A CENTRO DE DÍA E PUNTO DE ATENCIÓN INFANTIL (PAI)", ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

II. De acordo co previsto na base reguladora 7ª.2.g) do Plan Provincia Extraordinaria - Plan Extra, o día 18/06/2025 asinouse o correspondente convenio de colaboración entre as dúas administracións. O dito convenio tiña por obxecto definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes.

III. A cláusula Terceira do convenio, relativa á execución, establece o seguinte:

"*1º. O persoal encargado da dirección das obras será nomeado pola entidade local contratante, debendo dárselle conta á Deputación unha vez producida a dita designación. Calquera cambio na dirección técnica seralle igualmente comunicado á institución provincial no momento no que teña lugar.*

2º. Formalizado o contrato de obras para a execución do correspondente proxecto, remitirase copia do mesmo á Deputación e comunicarase a esta a data e hora en que terá lugar a comprobación do replanteo, á que asistirá, de consideralo procedente a Deputación, un/ha facultativo/a técnico/a ou representante desta. A copia da acta que se levante seralle remitida á Deputación coa primeira certificación de obra que expida a dirección da mesma, xunto coa fotografía do cartel de obra que acredite a difusión dada ao financiamento outorgado pola Deputación, que será colocado no momento da sinatura da devandita acta.

De conformidade coa base décimo sexta o investimento deberá estar executado na súa totalidade o 31 de outubro de 2026.

3º. O Concello comunicará á Deputación as distintas visitas de obra e, cunha antelación mínima de corenta e oito horas, o lugar, a data e hora do acto de recepción da obra ou da subministración e, de ser o caso, da inauguración do investimento, ao que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un/ha representante ou facultativo/a desta. A administración municipal remitirá á provincial copia da acta do dito acto de recepción e certificación da resolución do órgano competente aprobatoria da certificación final das mesmas.

4º. Formalizado/s, no seu caso, o contrato, e/ou contratos dos servizos complementarios ás obras (asistencias técnicas á dirección de obra, control de calidade e coordinación de seguridade e saúde), remitirase copia dos mesmos á Deputación.

5º. A Deputación poderá inspeccionar a execución das obras obxecto do presente convenio e as actuacións realizadas cando o considere oportuno, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e ás persoas responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan."

IV. A cláusula Cuarta do convenio, relativa á xustificación da subvención e pagamento, establece o seguinte:

"*O Concello asume a licitación, dirección, execución e recepción das obras recollidas no correspondente proxecto técnico descritivo das actuacións, e a súa xustificación perante a Deputación.*

De conformidade coa base décimo sexta o prazo de xustificación dos investimentos será, en todo caso, ata o 31 de marzo de 2027 (certificación final). O incumprimento deste prazo dará lugar ao inicio do expediente de perda do dereito a cobrar total ou parcialmente a subvención.

O pago ao Concello do importe da subvención realizarase á vista das certificacións de execución das obras ou facturas aprobadas polo órgano municipal competente. O Concello poderá presentar xustificacións parciais que se axusten ao ritmo de execución do investimento.

As certificacións ou facturas que se deberán presentar na sede electrónica da Deputación acompañaranse da seguinte documentación:

- *A primeira certificación ou factura acompañarase de:*
    - *Acta de trazado previo (anexo V).*
    - *O acordo do órgano competente do concello no que se aprobe o proxecto técnico do investimento incluído no plan, no caso de non terse presentado.*
    - *Acreditación da concesión das autorizacións sectoriais, licenzas ou permisos pertinentes, no caso de non terse presentado.*

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

- *A certificación do acordo ou da resolución de adxudicación do contrato e da aprobación do expediente de contratación, no caso de non presentarse con anterioridade.*
- *O contrato.*
- *Certificación das melloras que no seu caso formen parte do contrato.*
- *O nomeamento da directora ou director técnico, se é o caso.*
- *A acta de comprobación de replanteo, no caso de que sexa necesaria.*
- *O acordo municipal de aprobación da certificación de obra e da factura correspondente.*
- *A acreditación da publicidade dada ao financiamento obtido da Deputación, mediante fotografías do cartel de obra.*

- *As certificacións seguintes acompañaranse do acordo municipal de aprobación da/s certificación/s correspondente/s coas súas facturas e do informe do director facultativo, se fose necesario.*
- *Coa última certificación achegarase:*
  - *O acordo municipal de aprobación da certificación de obra e a súa factura.*
  - *A acta de recepción, cuberta de acordo co disposto na normativa de contratos.*
  - *Unha nova acreditación da publicidade dada ao financiamento obtido da Deputación, mediante a fotografías do cartel de obra.*
  - *Unha certificación da funcionaria ou funcionario público competente do conxunto de axudas concedidas por esta Deputación, por outras administracións públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade.*
  - *Un informe de fin de obra da dirección facultativa, independentemente de que haxa ou non variación na execución ou certificación con respecto ao proxecto presentado. Neste explicaranse e xustificaranse as variacións e toda incidencia que deba ser resaltada.*
  - *Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación dos investimentos ou que se considere necesaria para a comprobación da súa correcta execución.*
  - *Xustificación das melloras ofertadas*

As certificacións de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto, e o resto da documentación xustificativa, serán verificados polos servizos técnicos provinciais. As actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución das obras por parte dos servizos técnicos da Deputación.

A comprobación material do investimento definida no parágrafo anterior é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

Unha vez realizada a comprobación formal e material definida nos parágrafos anteriores, a documentación xustificativa acreditativa do gasto será fiscalizada pola Intervención provincial antes de ser aprobada e pagada.

A non xustificación ou a xustificación fóra de prazo dará lugar ao inicio do expediente de perda, total ou parcial, do dereito de cobro da subvención correspondente."

V. A cláusula Décima primeira do convenio, relativa á vixencia, establece o seguinte:

"*O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución das actuacións a que o mesmo se refire e a súa xustificación. Os investimentos deberán estar executados na súa totalidade a 31 de outubro de 2026. En todo caso, o prazo de xustificación será ata o 31 de marzo de 2027.*"

VI. Mediante o acordo núm. 3.8730 do Pleno provincial do 25/09/2026 prorrógase o prazo de execución dos investimentos acollidos no Plan Extra ata o 31/07/2027 e o prazo de xustificación dos ditos investimentos ata o 30/11/2027.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

VII. Por todo o exposto, as partes manifestan expresamente o seu desexo de asinar unha addenda, para adaptar o texto do convenio asinado ás novas condicións establecidas no antedito acordo plenario, con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. EXECUCIÓN

As partes acordan modificar a cláusula Terceira do convenio, relativa á execución, e quedando redactada do seguinte xeito:

"1º. O persoal encargado da dirección das obras será nomeado pola entidade local contratante, debendo dárselle conta á Deputación unha vez producida a dita designación. Calquera cambio na dirección técnica seralle igualmente comunicado á institución provincial no momento no que teña lugar.

2º. Formalizado o contrato de obras para a execución do correspondente proxecto, remitirase copia do mesmo á Deputación e comunicarase a esta a data e hora en que terá lugar a comprobación do replanteo, á que asistirá, de consideralo procedente a Deputación, un/ha facultativo/a técnico/a ou representante desta. A copia da acta que se levante seralle remitida á Deputación coa primeira certificación de obra que expida a dirección da mesma, xunto coa fotografía do cartel de obra que acredite a difusión dada ao financiamento outorgado pola Deputación, que será colocado no momento da sinatura da devandita acta.

De conformidade coa base décimo sexta o investimento deberá estar executado na súa totalidade o 31 de xullo de 2027.

3º. O Concello comunicará á Deputación as distintas visitas de obra e, cunha antelación mínima de corenta e oito horas, o lugar, a data e hora do acto de recepción da obra ou da subministración e, de ser o caso, da inauguración do investimento, ao que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un/ha representante ou facultativo/a desta. A administración municipal remitirá á provincial copia da acta do dito acto de recepción e certificación da resolución do órgano competente aprobatoria da certificación final das mesmas.

4º. Formalizado/s, no seu caso, o contrato, e/ou contratos dos servizos complementarios ás obras (asistencias técnicas á dirección de obra, control de calidade e coordinación de seguridade e saúde), remitirase copia dos mesmos á Deputación.

5º. A Deputación poderá inspeccionar a execución das obras obxecto do presente convenio e as actuacións realizadas cando o considere oportuno, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e ás persoas responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan."

SEGUNDA. XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN E PAGAMENTO

As partes acordan modificar a cláusula Cuarta do convenio, relativa á xustificación da subvención e pagamento, quedando redactada do seguinte xeito:

"*O Concello asume a licitación, dirección, execución e recepción das obras recollidas no correspondente proxecto técnico descritivo das actuacións, e a súa xustificación perante a Deputación.*

De conformidade coa base décimo sexta o prazo de xustificación dos investimentos será, en todo caso, ata o 30 de novembro de 2027 (certificación final). O incumprimento deste prazo dará lugar ao inicio do expediente de perda do dereito a cobrar total ou parcialmente a subvención.

O pago ao Concello do importe da subvención realizarase á vista das certificacións de execución das obras ou facturas aprobadas polo órgano municipal competente. O Concello poderá presentar xustificacións parciais que se axusten ao ritmo de execución do investimento.

As certificacións ou facturas que se deberán presentar na sede electrónica da Deputación acompañaranse da seguinte documentación:

- *A primeira certificación ou factura acompañarase de:*
    - *Acta de trazado previo (anexo V).*

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

- *O acordo do órgano competente do concello no que se aprobe o proxecto técnico do investimento incluído no plan, no caso de non terse presentado.*
- *Acreditación da concesión das autorizacións sectoriais, licenzas ou permisos pertinentes, no caso de non terse presentado.*
- *A certificación do acordo ou da resolución de adxudicación do contrato e da aprobación do expediente de contratación, no caso de non presentarse con anterioridade.*
- *O contrato.*
- *Certificación das melloras que no seu caso formen parte do contrato.*
- *O nomeamento da directora ou director técnico, se é o caso.*
- *A acta de comprobación de replanteo, no caso de que sexa necesaria.*
- *O acordo municipal de aprobación da certificación de obra e da factura correspondente.*
- *A acreditación da publicidade dada ao financiamento obtido da Deputación, mediante fotografías do cartel de obra.*

- *As certificacións seguintes acompañaranse do acordo municipal de aprobación da/s certificación/s correspondente/s coas súas facturas e do informe do director facultativo, se fose necesario.*
- *Coa última certificación achegarase:*
  - *O acordo municipal de aprobación da certificación de obra e a súa factura.*
  - *A acta de recepción, cuberta de acordo co disposto na normativa de contratos.*
  - *Unha nova acreditación da publicidade dada ao financiamento obtido da Deputación, mediante a fotografías do cartel de obra.*
  - *Unha certificación da funcionaria ou funcionario público competente do conxunto de axudas concedidas por esta Deputación, por outras administracións públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade.*
  - *Un informe de fin de obra da dirección facultativa, independentemente de que haxa ou non variación na execución ou certificación con respecto ao proxecto presentado. Neste explicaranse e xustificaranse as variacións e toda incidencia que deba ser resaltada.*
  - *Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación dos investimentos ou que se considere necesaria para a comprobación da súa correcta execución.*
  - *Xustificación das melloras ofertadas*

As certificacións de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto, e o resto da documentación xustificativa, serán verificados polos servizos técnicos provinciais. As actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución das obras por parte dos servizos técnicos da Deputación.

A comprobación material do investimento definida no parágrafo anterior é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

Unha vez realizada a comprobación formal e material definida nos parágrafos anteriores, a documentación xustificativa acreditativa do gasto será fiscalizada pola Intervención provincial antes de ser aprobada e pagada.

A non xustificación ou a xustificación fóra de prazo dará lugar ao inicio do expediente de perda, total ou parcial, do dereito de cobro da subvención correspondente."

TERCEIRA. VIXENCIA

As partes acordan modificar a cláusula Décima primeira do convenio, relativa á vixencia, e quedando redactada do seguinte xeito:

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

"O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución das actuacións a que o mesmo se refire e a súa xustificación. Os investimentos deberán estar executados na súa totalidade a 31 de xullo de 2027. En todo caso, o prazo de xustificación será ata o 30 de novembro de 2027."

CUARTA. RÉXIME XURÍDICO

En todo o demais permanecerá invariable o contido do texto do convenio asinado, así como o das anteriores addendas, no caso de existir estas, suxeitándose as partes ás súas cláusulas.

E, como proba de conformidade, as partes que interveñen asinan a presente addenda na data da sinatura electrónica.

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DE CAMBIO DE DELEGADO NA REPRESENTACIÓN SINDICAL DO PERSOAL LABORAL

Dáse conta do escrito presentado polo sindicato Comisións Obreiras (CCOO) de Galicia (RE-E núm. 690, do 21/10/24) polo que comunica a baixa como delegada do persoal laboral de Dona Isabel Varela Vázquez, por mor da súa dimisión como traballadora municipal, e a súa substitución, como delegado de persoal en representación de dito sindicato, polo traballador Don OVIDIO AREÁN DIÉGUEZ.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento de dita comunicación, realizada ao abeiro do disposto no artigo 67.5 da Lei do Estatuto dos Traballadores.

5.- CONCESIÓN DA QUINTA QUENDA DE AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes que, por acordo deste órgano adoptado na sesión do día 12 de xaneiro do corrente, foi solicitada á Deputación de Pontevedra a cantidade de SETE MIL EUROS (7.000,00 €) para gastos correntes e TRES MIL OITOCENTOS EUROS (3.800,00 €) para investimentos, con destino ás axudas básicas de emerxencia para persoas maiores de idade empadroadas no Concello que xestionen a súa demanda a través dos servizos sociais comunitarios municipais e que carezan de ingresos suficientes para facer fronte aos gastos polos que se solicita a axuda, ao abeiro das Bases reguladoras para o financiamento e a prestación das axudas básicas de emerxencia nos servizos sociais comunitarios da Deputación Provincial de Pontevedra para o ano 2026, publicadas no BOP núm. 6, correspondente ao día 12 de xaneiro de 2026. Con data 27 de febreiro

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

do corrente a Presidencia da Deputación de Pontevedra outorgou ao Concello as axudas solicitadas (RE núm. 206, do 02/03/26).

Debidamente informados/as de canto antecede, e de conformidade co informe-proposta emitido pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández, con data 23/10/26, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder a quinta quenda de axudas básicas de emerxencia da Deputación de Pontevedra a favor das veciñas que deseguido se relacionan e coa tipoloxía, contías e destinos que se especifican:

Gastos correntes

BENEFICIARIA	NIE / PASAPORTE	DOMICILIO	IMPORTE AXUDA	DESTINO
[redacted]	[redacted]	Rodeiro – Rodeiro	176,10 €	Axudas de estudos (material escolar)
[redacted]	[redacted]	Rodeiro – Rodeiro	229,00 €	Adquisición de electrodoméstico básico (deshumidificador)

Segundo.- Autorizar o anticipo do 100 % das axudas concedidas.

Terceiro.- Os gastos subvencionados deben ser efectuados con anterioridade ao día 31 de decembro de 2026. As beneficiarias deberán presentar as facturas ou xustificantes dos gastos polo importe da subvención concedida no Departamento de Servizos Sociais do Concello ata o día 15 de febreiro de 2027. A non presentación das mesmas dará lugar ao inicio do procedemento de reintegro das axudas outorgadas ao efecto. Asemade, e de non xustificarse a totalidade das cantidades anticipadas, deberá reintegrarse a parte do importe non xustificado.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas dez minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(sinatura dixital)

O alcalde,
(sinatura dixital)